



O Sr. Alcalde Presidente, con esta data ditou resolución do seguinte teor literal:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO-URXENTE.-

Resolución da Presidencia do órgano colexiado mais arriba mencionado, pola que se convoca sesión de carácter extraordinaria-urxente.

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais.

Dada a necesidade de realizar un pleno extraordinario urxente polos acontecementos ocorridos na parroquia de Paramos o pasado mércores, día 23 de maio, esta alcaldía, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Motivar a urxencia para a realización desta sesión plenaria de carácter extraordinario e urxente nos acontecementos acaecidos na parroquia de Paramos de Tui o día 23 de maio de 2018.

SEGUNDO.- Convocar Sesión Extraordinaria e Urxente do Pleno Corporativo a celebrar o día 25 de maio, venres, ás 20:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- Ratificación da Urxencia (art. 46.2b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.-

2º.- Ratificación de declaración de loito oficial.

3º.- Declaración institucional.

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."

O que se comunica para coñecemento e efectos.

O alcalde, Carlos Vázquez Padín.

Documento asinado dixitalmente á marxe.